

María Mariño, por ela mesma

UN ACHADO ▶ A editorial Alvarellos publica unha obra que “despexa as dúbidas” sobre a autoría da poeta á que se lle dedica o Día das Letras Galegas ▶ ‘Más allá del tiempo’ recolle versos e prosas de corte autobiográfico que “permiten lela por primeira vez sen mediacións”, di o editor

E.P./AGN • SANTIAGO

Más allá del tiempo, un libro de obra de María Mariño presentado onte en Santiago, “despexa calquera dúbida” sobre a autoría de María Mariño, escritora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas e acerca da que existe certo misterio, pola súa relación co poeta Uxío Novoneyra, que editou e impulsou a súa obra en galego, e pola súa distancia dos círculos literarios da época.

Más allá del tiempo, escrito en castelán ao redor de 1965 e que compila poemas e textos en prosa, foi presentado onte polo editor, Henrique Alvarellos; a responsable do estudo introdutorio, Helena González; e dous membros do Consello da Cultura Galega, o seu secretario, Henrique Monteagudo, e Ana Romaní, como integrante da comisión de xénero deste organismo.

Así, Alvarellos relatou como a principios de ano localizou o texto mecanografiado mentres buscaba entre os papeis de Ánxel Fole, sobre quen tamén prepara unha nova entrega editorial.

Tras o achado púxose en contacto con Helena González, para que, “en tempo récord”, realizase o traballo de contextualización que, unido á obra, “supón un paso de xigante para o coñecemento de María Mariño”, segundo o responsable de Alvarellos Editora.

Pola súa banda, a filóloga Helena González resaltou que a través de *Más allá del tiempo* pódese acceder a esta escri-



Ana Romaní, esquerda, Henrique Monteagudo, Helena González e Henrique Alvarellos, onte

OS DATOS

Autónoma ▶ “Atopamos nesta obra unha María Mariño autónoma na súa creación literaria, con vontade de narración e lonxe da espontaneidade da cantiga popular”, expuxo Ana Romaní. O volume foi cualificado como “obradoiro literario” de María Mariño.

Influencias ▶ A poeta de Noia mergúllase nas influencias dos movementos de vangarda e composicións oníricas, nun

relato autobiográfico que se completa con poesía infantil. O libro incorpora un epistolario inédito e material gráfico.

Condicionantes ▶ Na presentación salientouse a importancia de estudar os condicionantes cos que crean as escritoras galegas, aproveitando a terceira oportunidade que o 17 de maio se centra nunha muller, logo dos días de Rosalía e Francisca Herrera ■

tora “por primeira vez sen mediacións”, en referencia ao labor de Novoneyra como promotor da súa obra. Con respecto a esta relación recoñeceu que, “ata agora, tiña certas dúbidas”, que quedaron despexadas tras o estudo realizado. “Creo que (esta obra) se trata dunha antoloxía”, dunha selección dos textos “que quería que fosen publicados, o que reafirma a súa vontade como autora”. Neste senso, aclarou que o libro conxuga poemas con textos en prosa, ofrecendo unha “visión da súa propia vida, un relato autobiográfico”.

CONFIRMACIÓN

Escritora e “dinamiteira” da fala

Helena González salientou que *Más allá del tiempo*, obra na que Mariño “demostra que era unha dinamiteira da fala e que escribía á marxe de modas literarias”, supón a “peza que completa o crebacabezas” da súa obra. “Agora xa se entenden os enigmas”, remarcou.

Pola súa banda, Henrique Monteagudo lembrou que en 1982, cando se cumprían 14 anos da morte de María Mariño –este ano celébrase o cuadrexésimo aniversario–, xa se lle adicou unha homenaxe. “Eu nunca tiven dúbidas sobre a súa autoría, pero este texto vén reafirmala”, remarcou.

Nesta liña manifestouse Ana Romaní, para quen esta edición bota luz sobre “unha das figuras máis ensombrecidas e apaixonantes” da literatura galega, á que o Consello da Cultura Galega dedicou unha páxina do seu *Album de Mulleres*. Ademais, reivindicou a súa traxectoria e ligouna á doutras mulleres “silenciadas, que hai que recuperar, porque a memoria tamén é feminina” ■